

MISA CON NENOS

27 de maio de 2018

9º. ORDINARIO Santísima Trindade

Evanxeo de **San Mateo 18,16-20:**
“Eu estou convosco todos os días”.
Mensaxe: Deus Trindade, A MELLOR
COMPAÑÍA. Déixate ACOMPAÑAR por El!

1. ACOLLIDA

Benvidos Irmáns e irmás:

Hoxe estamos celebrando a Festa da Santísima Trindade. Os cristiáns creemos nun só Deus Verdadeiro que son tres persoas distintas: Pai, Fillo e Espírito Santo. Nun gran Misterio que está iluminado polo Amor. Xa Xesús nos fai a promesa deste Deus Comunidade de Amor que está connosco todos os días da nosa vida. É a mellor compañía; deixémonos acompañar por El! Sobre todo na Eucaristía que é cume e fonte da súa presenza, da súa compañía. Comecemos.

2. PERDÓN

Poñémonos ante a misericordia de Deus e pedímoslle que ensanche o noso corazón para darlle máis capacidade de amar, de acudir, de comprender, de escoitar e valorar aos demais.

- Porque moitas veces vivimos ignorando a presenza amorosa de Deus: **Señor, ten piedade de nós.**
- Porque en ocasións non vivimos en unidade de amor como Deus nos ensina na Trindade.

Cristo, ten piedade de nós.

- Porque ás veces non aceptamos que Deus é nosa mellor compañía: **Señor, ten piedade de nós.**

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

As lecturas deste domingo fálannos da elección que Deus tivo co seu pobo para revelarse como o Único Deus verdadeiro, confesión que o Espírito Santo reafirmou cando san Paulo nos di que non recibimos un espírito de escravos, senón de fillos adoptivos. No Evanxeo Xesús envía aos seus discípulos a predicar o Evanxeo e a bautizar no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo coa certeza de que estará connosco todos os días ata o fin do mundo.

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

(Sacerdote) Pidamos a Deus, Comunidade de amor, que nos encha dos seus Dons e acudamos confiadamente dicindo:

-Queda connosco, Xesús, todos os días.

1.- Para que a Igrexa universal viva a unidade do amor de Deus. Oremos

2.- Para que os mozos que están recibindo o sacramento da confirmación nestes días sexan en diante testemuñas fieis da presenza de Xesús nos seus ambientes e no mundo. Oremos

3.- Para que a parroquia e as nosas familias sexamos reflexo e expresión uns con outros do Amor da Santísima Trindade. Oremos.

4.- Para que os nenos e nenas que están recibindo a súa primeira comunión nestes días, en diante se deixen acompañar por Xesús participando na eucaristía, domingo tras domingo, toda a súa vida. Oremos.

5.- Para que sexamos construtores na familia, parroquia e sociedade de actitudes de solidariedade, compromiso, reconciliación e paz. Oremos.

4. POSIBLE PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

TRES ANEIS/AROS:

Con estes tres aneis entrelazados queremos representar a UNIDADE E O AMOR que existe entre o Pai, o Fillo e o Espírito. Só o amor é capaz de explicar tan enorme misterio. Só o amor crea familia, constrúe verdadeira humanidade.

CALENDARIO:

Con este calendario expresamos a certeza de que Deus está connosco todos os días da nosa vida para compartir as nosas alegrías e tristezas. Para darnos o seu Espírito de Paz, Fortaleza e Sabedoría. El é a mellor compañía. Queremos deixarnos acompañar por el, día tras día. Este calendario exprésao.

PAN E VIÑO:

Temos presente, xa desde agora, a gran festa do Corpus Christi que celebraremos o vindeiro domingo. Damos grazas a Deus porque, a Eucaristía, nos da a luz e forza para vivir en comunión con Deus e, logo, cos demais. Grazas polo pan e o viño que pola forza do Espírito van converterse para nós en Corpo e Sangue de Cristo.

ORACIÓN

TI ES PAI, FILLO E ESPIRITO
Sodes tres persoas pero distintas
TI ES PAI, FILLO E ESPIRITO
Sodes tres persoas pero pensades de igual xeito
TI ES PAI, FILLO E ESPIRITO
Sodes tres persoas pero ides polo mesmo camiño
TI ES PAI, FILLO E ESPIRITO
Sodes tres persoas pero mirades na mesma dirección
TI ES PAI, FILLO E ESPIRITO
Sodes tres persoas pero amades do mesmo xeito
TI ES PAI, FILLO E ESPIRITO
Sodes tres persoas pero vivides en familia
TI ES PAI, FILLO E ESPIRITO
Sodes tres persoas pero un mesmo DEUS
TI ES PAI, FILLO E ESPIRITO
Sodes tres persoas pero unidos en todo e por todo
TI ES PAI, FILLO E ESPIRITO
Sodes tres persoas e unidas no amor
TI ES PAI, FILLO E ESPIRITO



RED CATEQUISTAS GALICIA